

SÁBADO 5

Rúas da cidade [19:00]

▶▶▶ Cabalgata de Reis

O percorrido é o seguinte: Saída da explanada do Auditorio, Avda. da Mariña, Conde Valledano, Arcebispo Lago, Alexandre Bóveda, Alexandre Cerecedo, Dr. Tourón, Praza de España, Edelmiro Trillo, Padre Feijóo e Arapiles.

MÉRCORES 9

Salón García [21:00] [CINE]

▶▶▶ O Sabor do Sake PROXECCIONS CINE CLUB ADEGA



Shubei Hirayama é un home viúvo que vive coa súa filla. Sentíndose vello e acabado, decátase do inxusto que é que a moza viva única e exclusivamente para coídalalo e decida casala. Shubei buscará no licor do sake o refuxio da soildade, o consolo á angustia.

Ano: 1962. Xénero: Drama. Duración: 112 min. Dirección: Yasujiro Ozu.
Venda de entradas: no Salón García a partir das 20:30 h o día da proxección.
Prezos: Socios Anuais: entrada de balde. Socios por 1 día/sesión: 4€.

VENRES 18

Sala de Conferencias do Auditorio [20:00] [LITERATURA]

▶▶▶ Presentación do Libro *The Making Of* AUTOR: XAVIER ALCALÁ

A investigación para aclarar unha morte na Patagonia e as vicisitudes dun emigrante galego na Arxentina centran a historia deste libro, editado por Galaxia.

SÁBADO 19 E DOMINGO 20

Auditorio Municipal [XADREZ]

▶▶▶ Campionato Provincial Xadrez 2019

MÉRCORES 23

Salón García [21:00] [CINE]

▶▶▶ O que facemos nas sombras PROXECCIONS CINE CLUB ADEGA



Viago, Deacon e Vladislav son tres vampiros que comparten piso en Nova Zelanda. Fan o posible por adaptarse á sociedade moderna, facendo unha vida normal, salvo por unha pequena diferenza: son inmortais e teñen que alimentarse de sangue humano.

Ano: 2014. Xénero: Comedia/Terror. Duración: 86 min. Dirección: Taika Waititi, Jemaine Clement.

Venda de entradas: no Salón García a partir das 20:30 h o día da proxección.
Prezos: Socios anuais: entrada de balde. Socios por 1 día/sesión: 4€.

SÁBADO 26

Salón de Actos do Auditorio [21:00] [MÚSICA]

▶▶▶ Gala Lírica

Leonor Bonilla (soprano) e Carlos Aragón (piano)
PROGRAMACIÓN DA SOCIEDADE FILARMÓNICA DE VILAGARCÍA

A soprano española ofrecerá unha espectacular gala lírica con arias de zarzuela e ópera acompañada ao piano por Carlos Aragón. Unha oportunidade única de escoitar algunhas das páxinas máis fermosas do bel canto.

Venda de entradas: o día da actuación no Auditorio a partir das 19:00 h.
Prezos: entrada de balde para os socios da Sociedade Filarmónica de Vilagarcía; Público xeral: 18€.

ESPECIAL



FEXTURRÓN!

O Nadal é unha festa en Fexdega

ZONA DE XEO

Tobogán de Xeo Natural - Pista de Xeo Natural

Horario: 5 decembro - 6 xaneiro [11 a 14h e 16:30 a 22h, excepto 24 e 31 decembro, de 11 a 20h, e, 25 decembro e 1 xaneiro, de 17 a 21h.]

Especial Centros escolares e grupos concertados (+20 persoas).

+ info e reserva: pistadehielocyc@gmail.com.

Prezos: entrada xeral: 6€/45min. Tarifa Plana: 10€ (sen límite de tempo). Bono: 10 entradas de 45 min: 54€. (Incluído o uso dos patíns).

PARQUE DE ATRACCIÓNS

Horario: 5/ 6/ 7/ 8/ 9/ 15 e 16 decembro [16:30 a 21h]; 21 decembro - 6 xaneiro [16:30 a 21h], agás 24 e 31 decembro [16:30 a 20h], e 25 decembro e 1 xaneiro [17 a 21h.]

Prezos: Parque de atraccións + tobogán: 8 tickets: 6€ (atraccións a elixir).

ACTIVIDADES DE ANIMACIÓN

Talleres: (globoflexia, cociña, o tolo, xardín urbano, carta a Papa Noel, contacontos, etc...), animación con personaxes: (Mickey, Donald...) teatrillo, espectáculo de maxia, ludoteca e pintacaras.

Horario: 5/ 6/ 7/ 8/ 9/ 15 e 16 decembro [16:30 a 21h]. 21 decembro - 6 xaneiro [16:30 a 21h], agás 24 e 31 decembro [16:30 a 20h], e 25 decembro e 1 xaneiro [17 a 21h.]

Prezos: de balde.

SERVIZO DE RESTAURACIÓN

As instalacións de Fexdega disporán de cafetería, crepería e churrería.

EXPOSICIÓNS

DO 14 DE DECEMBRO AO 5 DE XANEIRO

Sala de Exposicións Antón Rivas Briones

▶▶▶ Caritarte - EXPOSICIÓN BENÉFICA

DO 20 DE DECEMBRO AO 18 DE XANEIRO

Sala de Exposicións do Auditorio

▶▶▶ Saudarte – FUNDACIÓN GALEGA CONTRA O NARCOTRÁFICO

DEC | XAN
2018 | 2019



PROGRAMACIÓN CULTURAL

PROGRAMACIÓN MES DE DICIEMBRE DE 2018

VENRES 7

Salón de actos do Auditorio [19:00] [CIRCO]

▶▶▶ A Christmas Show LA FIESTA ESCÉNICA – CIRCO DE NAVIDAD

Espectáculo resultado da combinación dunha escenografía, deseñada a medida; un vestuario coidadosamente elaborado, un dominio das disciplinas de circo e unha exquisita selección musical. Pero, indubablemente, unha das atraccións son os animatrónicos, animais artificiais creados expresamente cos que fan unha chiscadela aos números de doma tradicional do circo.

Venda de entradas: anticipada, en Ticketea.com ou no T 902044226, e de non esgotarse, na billeteira do Auditorio a partir das 17:00 h.

Prezo das entradas: Zona A e B: 14€; Zona C: 12€ (+gastos de xestión en venda anticipada).

MÉRCORES 12

Salón García [21:00] [CINE]

▶▶▶ The Party PROYECCIONS CINE CLUB ADEGA



Janet acaba de ser nomeada ministra do Goberno, e por iso varios amigos se reúnen nunha festa para celebrar o seu nomeamento. Con todo, o que comeza como unha celebración terminará do xeito máis inesperado.

Ano: 2017, Xénero: Comedia. Duración: 71 min, Dirección: Sally Potter.


Venda de entradas: no Salón García a partir das 20:30 h o día da proxección. Prezos: Socios Anuais: entrada de balde. Socios por 1 día/sesión: 4€.



SÁBADO 15

Salón de actos do Auditorio [19:00] [TEATRO INFANTIL]

▶▶▶ Os Fabulosos Cleaners PROGRAMADO DENTRO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS



Un espectáculo de burbullas de xabón para todos os públicos. Duración: 70 min. Público: Familiar.

Venda de entradas: anticipada en Ticketea.com ou no T: 902044226 e, de non esgotarse, na billeteira do Auditorio, a partir das 17:00 h.

Prezos: entrada adultos: [Zona A,B e C: 5€; Visibilidade Reducida (Fila 22): 4€]. Entrada menores de 12 anos: [Zona A,B e C: 2€; Visibilidade Reducida (Fila 22): 1,60€] (+ gastos de xestión en venda anticipada). Entrada de balde acreditando a condición de beneficiarios no control de acceso: Desempregados (tarxeta desemprego), estudantes (camé xove) e maiores de 65 anos (D.N.I.).

DOMINGO 16


Salón García [12:30] [TEATRO INFANTIL]

▶▶▶ Puño Puñete



Espectáculo onde os máis pequenos da casa vivirán unha experiencia entrañable para espertar os seus cinco sentidos, e terán as súas primeiras sensacións a través da oralidade, a música e os contos. Duración: 40 min. Público: Recomendada de 1 a 6 anos.

Entrada de balde ata completar capacidade.

Patrocinado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística 

MARTES 18

▶▶▶ Salón de Actos do Auditorio [19:30] [MÚSICA]

Festival de Nadal ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA "BERNARDO DEL RÍO"

Coa participación das diferentes agrupacións da Escola de Música. Entrada de balde ata completar capacidade.

MÉRCORES 19

Salón de Actos do Auditorio [19:00] [MÚSICA]

▶▶▶ Concerto de Nadal - CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA Coa actuación do alumnado do Conservatorio. Entrada de balde ata completar capacidade.

SÁBADO 22

Salón de Actos do Auditorio [20:00] [DANZA]

▶▶▶ Gala de Danza en Nadal - CENTRO DE DANZA GEMA PIZARRO

Venda de entradas: O día da actuación na billeteira do Auditorio de 10:00 a 13:00 e de 18:00 a 20:00 h. Prezos: Zona A: 4€; Zona B: 3€ e Zona C: 2€.

Salón García [20:00] [MÚSICA]

▶▶▶ Concerto de Nadal Manso e Amigos



O Grupo "Manso e Amigos" formouse hai case 20 anos, os 6 membros actuais: Salvador Cores O Manso (Acordeón e voz), Ramón Vieites (Violín, Trombón e voz), José Antonio Vilas (Trombón, violín e voz), Olegario Falcón (Trompeta e voz), Xoán Silva (Guitarra e voz), Carlos Otero (Guitarra e voz) deleitarannos coa súa música.

Entrada de balde ata completar capacidade.



DOMINGO 23

Rúas de Vilagarcía [17:30 A 20:30] [INFANTIL]

▶▶▶ Chega Papá Noel!

17:30 - Os personaxes infantís máis famosos inundarán as rúas coa súa animación e, ao mesmo tempo, Papa Noel fará o percorrido no seu trineo. 19:00 - Photocoll e animación musical con Papa Noel na rúa Castela. Promovido por Zona Aberta e o Concello de Vilagarcía.

XOVES 27


Salón de Actos do Auditorio [18:00] [INFANTIL]

▶▶▶ Os Bolechas - Nadal no Polo Norte Entrada de balde* ata completar capacidade. * Entregarase unha invitación no momento de acceso á Sala. Idade recomendada de 3 a 11 anos.



Praza da II República [19:00] [INFANTIL]

▶▶▶ Nadal en Galego - A Apalpadora

A Apalpadora levará música e landras aos cativos e cativas. Patrocinado polo Servizo de Cultura e Lingua da  DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

DOMINGO 30

Salón de Actos do Auditorio [20:00] [MÚSICA]

▶▶▶ Concerto Extraordinario Fin de Ano BANDA DE MÚSICA DE VILAGARCÍA

Música de Bert Appermont, José Alberto Pina e Johann Strauss. Dirixe: Jesús Nogueira.

Venda de entradas: no Auditorio, os días 26 e 27 de decembro, de 17:00 a 20:00h, o 28, de 11:00 a 13:00, e, o día da actuación, a partir das 19:00 h.

Prezo entrada: 4€.



LUNS 31

Praza Ravella [11:00-14:00] [MISCELÁNEA]

▶▶▶ XX Toma das uvas

Reparto de uvas, champaña e gominolas. Animación infantil. Animación de rúa e espectáculo a cargo de Pablo Méndez. Discoteca Móbil.

Colaboran: Gadisa, Ahituvi, La Metro, Zona Aberta, SIF, Academia Elisa e Pirotecnia Penide.